



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2015**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Antonio Calviño Gómez.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. José Piñeiro Blanco.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de agosto de 2015, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 25 DE XUÑO DE 2015.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

## **2. FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2016.*

*Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Fixar como días festivos locais para o ano 2016, o día 9 de febreiro, martes de Entroido, e o luns 13 de xuño, Santo Antón.*

**Segundo.-** *Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña.*

*Mesía, 31 de xullo de 2015. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que tradicionalmente vense elixindo o Santo Antón se non cadra en sábado ou domingo, e si cadra, óptase por San Cidre.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

### **3. MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

**“APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MESÍA.**

*Visto o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

*Visto que o dito decreto lle da unha nova redacción ao artigo 14.2. do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

*Visto que este concello dispón da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía aprobada inicialmente o día 4 de outubro de 2013 polo Concello Pleno, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 231, de data 4 de decembro de 2013.*

*Vista a modificación da dita ordenanza aprobada inicialmente o día 23 de decembro de 2013 polo Concello Pleno, e publicado o seu texto definitivo no BOP núm. 49, de data 13 de marzo de 2014.*

*Resultando preciso adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido no mencionado artigo, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

**Primeiro.**- *Aprobar a modificación do artigo 4.2. da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía, modificando o apartado b) e incluíndo un novo apartado, o g), quedando redactado como segue:*

*“2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de atencións e servizos:*

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.*
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio para persoas en situacións de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica ou produto de apoio calquera dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.*
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.*
- d. Adaptación funcionais do fogar*
- e. Servizo de podoloxía.*
- f. Servizo de fisioterapia.*
- g. Terapia ocupacional.”*

**Segundo.**- *De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proceder ao trámite de información pública do antedito acordo polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

**Terceiro.**- *Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia.*

*Mesía, 31 de xullo de 2015. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que esta modificación ven dada por imperativo legal, xa que recibimos un oficio da Xunta de Galicia no que se establece a obriga, para todos os concellos, de adaptar o texto da ordenanza nos termos que se indican na proposta.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

## **4. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## “APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS DO CONCELLO DE MESÍA.

Visto que este concello dispón do Regulamento do programa de axudas de alimentos do Concello de Mesía aprobado inicialmente o día 29 de novembro de 2011 polo Concello Pleno, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 17, de data 25 de xaneiro de 2012.

Vista a necesidade de adaptar os criterios de determinación dos beneficiarios á actual realidade socioeconómica.

Resultando preciso adaptar o regulamento municipal existente en materia de alimentos neste senso, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar a modificación do artigo 4 do dito Regulamento, quedando redactado como segue:

“4. .- Requisitos dos solicitantes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Mesía de forma ininterrompida alomenos con seis meses de antigüidade no momento da solicitude.
- Acreditar a situación de necesidade de alimentos.
- Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar a cobertura desta necesidade básica, segundo o establecido na táboa que a continuación se presenta:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 100% do IPREM
2	Ate o 120% do IPREM
3	Ate o 140% do IPREM
4	Ate o 160% do IPREM
5	Ate o 180% do IPREM
6	Ate o 200% do IPREM
7	Ate o 220% do IPREM
8	Ate o 240% do IPREM
9 ou máis	Ate o 260% do IPREM

O IPREM de referencia será o IPREM anual formado por 14 pagas.

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constituían a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios por calquera outro concepto.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social.“

**Segundo.**- De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proceder ao trámite de información pública do antedito acordo polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Terceiro.- Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia.*

*Mesía, 31 de xullo de 2015. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que esta modificación do Regulamento do programa de alimentos do concello adapta o límite de ingresos á realidade económica existente a día de hoxe, porque cos anteriores parámetros case calquera tiña opción á axuda. No Regulamento establécese unha táboa de convivintes e un límite de ingresos en relación co IPREM, que veñen sendo 532 euros ao mes. En función dos convivintes, aplícase a porcentaxe a esta cantidade de referencia.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

## **5. APROBACIÓN CONTA XERAL 2014.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014*

*En cumprimento do artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Conta Xeral do exercicio 2014 foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas o día 21 de maio de 2015, sendo informada favorablemente.*

*Posteriormente expúxose ó público (BOP nº 102, de 2 de xuño) por un período de 15 días, sen que durante eses días e oito máis se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación ó respecto.*

*Unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, e de conformidade co artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do concello de Mesía correspondente o exercicio económico do 2014.*

*Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.*

*Mesía, 31 de xullo de 2015. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que este é un trámite imprescindible antes de remitir a Conta Xeral ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas. Esta Conta do exercicio 2014



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

xa se someteu á Comisión Especial de Contas constituída na pasada lexislatura, xa que consideramos que o máis axeitado era que a informase a Corporación existente nese exercicio, e ditaminouse favorablemente por unanimidade en esa Comisión o 21 de maio de 2015. Como parámetros máis salientables da liquidación do pasado exercicio podó dicirlles que, a 31 de decembro de 2014, tiñamos unha tesourería de setecentos noventa e dous mil euros, e un remanente de tesourería de seiscentos oitenta e oito mil euros, que esperamos utilizar cando o estado central o autorice, xa que por agora, co teito de gasto, non podemos.

Manifesta o Sr. Grobas que vaise abster por non ser membro entón da Corporación, manifestando o Sr. Alcalde que o entende perfectamente.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por sete votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdG-PSOE, e unha abstención, correspondente ao concelleiro presente do PP.

## 6. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## 7. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (88/2015 a 285/2015).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
88	Economía e facenda	Execución do gasto	01/04/2015
89	Persoal	Nomeamento de secretaria accidental	01/04/2015
90	Economía e facenda	Execución do gasto	06/04/2015
91	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Pleno ordinario	07/04/2015
92	Economía e facenda	Execución do gasto	07/04/2015
93	Facenda municipal	Baixa recibo Padrón de lixo 2015	07/04/2015
94	Facenda municipal	Bonificación recibo Padrón de lixo 2015	07/04/2015
95	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión da Xunta de Goberno Local	07/04/2015
96	Economía e facenda	Execución do gasto	08/04/2015





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

97	Facenda municipal	Alta recibo Padrón de lixo 2015	09/04/2015
98	Facenda municipal	Cambio de titular recibo Padrón de lixo 2015	09/04/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
99	Economía e facenda	Execución do gasto	09/04/2015
100	Facenda municipal	Modificación recibo Padrón de lixo 2015	09/04/2015
101	Facenda municipal	Modificación contrato abastecemento de auga municipal	09/04/2015
102	Intervención e facenda municipal	Aprobación do Padrón de lixo 2015	10/04/2015
103	Economía e facenda	Xeración de Crédito 2/2015	13/04/2015
104	Facenda municipal	Alta recibo Padrón lixo 2016	14/04/2015
105	Acción veciñal	Concesión axuda por nacemento de filla	15/04/2015
106	Economía e facenda	Xeración de crédito 3/2015	16/04/2015
107	Obras e urbanismo	Solicitud subvención accesibilidade recursos turísticos	17/04/2015
108	Economía e facenda	Xeración de crédito 4/2015	17/04/2015
109	Persoal	Consolidación grao secretario-interventor	20/04/2015
110	Economía e facenda	Execución do gasto	20/04/2015
111	Economía e facenda	Xeración de crédito 5/2015	20/04/2015
112	Economía e facenda	Xeración de crédito 6/2015	20/04/2015
113	Economía e facenda	Xeración de crédito 7/2015	20/04/2015
114	Economía e facenda	Xeración de crédito 8/2015	20/04/2015
115	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	21/04/2015
116	Economía e facenda	Execución do gasto	21/04/2015
117	Cultura, Educación e Xuventude	Solicitud subvención OMIX	21/04/2015
118	Persoal	Nomeamento secretaria accidental	22/04/2015
119	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno Extraordinario	23/04/2015
120	Economía e facenda	Execución do gasto	24/04/2015
121	Acción veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de filla	24/04/2015
122	Contratación	Declaración deserto expte. Contratación tala madeira municipal	24/04/2015
123	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	24/04/2015
124	Economía e facenda	Execución do gasto	27/04/2015
125	Cultura e Deportes	Solicitud subvención voluntariado	27/04/2015
126	Economía e facenda	Aprobación liquidación complementaria SAF mes febreiro 2015	27/04/2015
127	Facenda municipal	Cambio titular lixo 2016	28/04/2015
128	Economía e facenda	Execución do gasto.	29/04/2015
129	Obras e urbanismo	Solicitud subvención aforro enerxético	29/04/2015
130	Economía e facenda	Execución do gasto	04/05/2015



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

131	Formación e emprego	Aprobación modificación proxecto obradoiro de emprego	04/05/2015
132	Economía e facenda	Xeración de Crédito 09/2015	04/05/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
133	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF mes marzo 2015	04/05/2015
134	Economía e facenda	Execución do gasto	05/05/2015
135	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	05/05/2015
136	Servizos sociais	Alta usuarios SAF	06/05/2015
137	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	06/05/2015
138	Economía e facenda	Execución do gasto	07/05/2015
139	Intervención e facenda municipal	Aprobación do Padrón de auga do 4º ttre. 2014	08/05/2015
140	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	12/05/2015
141	Economía e facenda	Execución do gasto	12/05/2015
142	Obras e urbanismo	Aceptación subvención obras	12/05/2015
143	Economía e facenda	Convocatoria Comisión especial de Contas	13/05/2015
144	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario	13/05/2015
145	Economía e facenda	Xeración de crédito 10/2015	14/05/2015
146	Economía e facenda	Xeración de crédito 11/2015	18/05/2015
147	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	19/05/2015
148	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	19/05/2015
149	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	19/05/2015
150	Economía e facenda	Execución do gasto	19/05/2015
151	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF mes abril 2015	19/05/2015
152	Facenda	Aprobación definitiva Padrón lixo 2015	19/05/2015
153	Padrón Municipal de Habitantes	Baixa de oficio	19/05/2015
154	Contratación	Devolución aval obra	20/05/2015
155	Economía e facenda	Execución do gasto	21/05/2015
156	Secretaría	Resolución recurso de reposición	21/05/2015
157	Secretaría	Resolución recurso de revisión	21/05/2015
158	Persoal	Bases contratación socorristas	25/05/2015
159	Economía e facenda	Execución do gasto	25/05/2015
160	Obras e urbanismo	Solicitud subvención proxecto enerxia renovable	26/05/2015
161	Intervención e facenda municipal	Aprobación do padrón da auga do 1º ttre. Do 2015	26/05/2015
162	Facenda municipal	Alta no padrón do lixo 2016	26/05/2015
163	Economía e facenda	Xeración de crédito 12/2015	27/05/2015
164	Facenda municipal	Cambio de titular padrón auga	27/05/2015





# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

165	Economía e facenda	Execución do gasto	28/05/2015
166	Economía e facenda	Execución do gasto.	28/05/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
167	Economía e facenda	Execución do gasto	01/06/2015
168	Servizos sociais	Alta e modificación intensidade usuarios SAF	01/06/2015
169	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda a domicilio	01/06/2015
170	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	02/06/2015
171	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno Extraordinario	03/06/2015
172	Servizos Sociais	Modificación intensidade usuario SAF	03/06/2015
173	Economía e facenda	Execución do gasto	04/06/2015
174	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	05/06/2015
175	Servizos Sociais	Baixa usuario SAF	05/06/2015
176	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda a domicilio	05/06/2015
177	Persoal	Lista admitidos socorristas	05/06/2015
178	Economía e facenda	Execución do gasto	05/06/2015
179	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión constitutiva Pleno	08/06/2015
180	Persoal	Bases convocatoria selección peón	08/06/2015
181	Persoal	Bases convocatoria selección oficial de segunda	08/06/2015
182	Persoal	Bases convocatoria selección auxiliares axuda no fogar	09/06/2015
183	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF mes maio 2015	09/06/2015
184	Economía e facenda	Execución do gasto	10/06/2015
185	Persoal	Lista aprobados socorristas	10/06/2015
186	Acción Veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de filla	10/06/2015
187	Persoal	Lista provisional admitidos peón	11/06/2015
188	Persoal	Lista provisional admitidos oficial de segunda	11/06/2015
189	Servizos Sociais	Alta usuaria SAF	12/06/2015
190	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda a domicilio	12/06/2015
191	Servizos Sociais	Alta usuaria SAF	12/06/2015
192	Servizos Sociais	Baixa usuario SAF	15/06/2015
193	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	15/06/2015
194	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	15/06/2015
195	Servizos Sociais	Baixa temporal usuaria SAF	15/06/2015
196	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	15/06/2015
197	Persoal	Contratación socorristas	16/06/2015
198	Facenda municipal	Cambio titular Padrón lixo 2016	16/06/2015
199	Facenda municipal	Nomeamento tesoureira	17/07/2015
200	Persoal	Bases contratación socorrista	17/06/2015



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

201	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas extra xuño 2015	17/06/2015
202	Economía e facenda	Execución do gasto.	17/06/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
203	Contratación	Inicio expte. contratación obra C05/2015	18/06/2015
204	Contratación	Inicio expte. contratación obra C06/2015	18/06/2015
205	Contratación	Inicio expte. contratación obra C07/2015	18/06/2015
206	Contratación	Aprobación expte. contratación obra C05/2015	18/06/2015
207	Contratación	Aprobación expte. contratación obra C06/2015	18/06/2015
208	Contratación	Aprobación expte. contratación obra C07/2015	18/06/2015
209	Economía e facenda	Execución do gasto	19/06/2015
210	Persoal	Lista definitiva admitidos-excluídos oficial de segunda	19/06/2015
211	Persoal	Lista definitiva admitidos-excluídos peón	19/06/2015
212	Organización	Designación membro da Xunta de Goberno local	22/06/2015
213	Organización	Nomeamento de Tenentes de alcalde	22/06/2015
214	Organización	Designación Concellerías	22/06/2015
215	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local	22/06/2015
216	Organización	Delegación competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local	22/06/2015
217	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno organizativo	22/06/2015
218	Economía e facenda	Xeración de crédito 13/2015	22/06/2015
219	Economía e facenda	Xeración de crédito 14/2015	22/06/2015
220	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	22/06/2015
221	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	25/06/2015
222	Economía e facenda	Execución de gasto	25/06/2015
223	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	25/06/2015
224	Persoal	Lista aprobados oficial segunda	25/06/2015
225	Persoal	Lista aprobados peón	25/06/2015
226	Contratación	Inicio contratación mixta subministro e obra C08/2015	26/06/2015
227	Contratación	Aprobación contratación mixta subministro e obra C08/2015	26/06/2015
228	Contratación	Inicio expte. contratación obra C09/2015	26/06/2015
229	Contratación	Aprobación expte. contratación obra C09/2015	26/06/2015
230	Persoal	Lista admitidos-excluídos socorrista	26/06/2015
231	Economía e facenda	Execución do gasto	29/06/2015
232	Persoal	Contratación oficial de segunda	29/06/2015
233	Persoal	Contratación peón	29/06/2015
234	Persoal	Contratación socorrista	29/06/2015
235	Economía e facenda	Execución do gasto	29/06/2015



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

236	Facenda municipal	Cambio domicilio Padrón auga	30/06/2015
237	Organización e funcionamento	Adhesión convenio rede atención cidadá	30/06/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
238	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	30/06/2015
239	Economía e facenda	Execución do gasto	01/07/2015
240	Contratación	Requirimento documentacion C05/2015	01/07/2015
241	Contratación	Requirimento documentación C06/2015	01/07/2015
242	Contratación	Requirimento documentación C07/2015	01/07/2015
243	Servizos Sociais	Alta usuario SAF	01/07/2015
244	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	01/07/2015
245	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	01/07/2015
246	Economía e facenda	Execucion do gasto	02/07/2015
247	Facenda municipal	Alta Padrón lixo 2016	02/07/2015
248	Organización	Delegación de firma	03/07/2015
249	Economía e facenda	Execución do gasto	03/07/2015
250	Persoal	Bases convocatoria peón	03/07/2015
251	Acción veciñal	Modificación número rexistro Asociación	06/07/2015
252	Contratación	Requirimento documentación C08/2015	07/07/2015
253	Contratación	Adxudicación contrato obra C05/2015	07/07/2015
254	Contratación	Adxudicación contrato obra C07/2015	08/07/2015
255	Contratación	Adxudicación contrato obra C06/2015	08/07/2015
256	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra	09/07/2015
257	Economía e facenda	Execución do gasto	10/07/2015
258	Persoal	Nomeamento secretaria accidental	10/07/2015
259	Contratación	Adxudicación contrato mixto subministro e obra C08/2015	13/07/2015
260	Servizos sociais	Baixa usuaria no SAF	13/07/2015
261	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	13/07/2015
262	Contratación	Requirimento documentación C09/2015	14/07/2015
263	Economía e facenda	Execución do gasto	14/07/2015
264	Contratación	Devolución aval obra C02/2014	14/07/2015
265	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	14/07/2015
266	Persoal	Lista admitidos-excluidos peón	15/07/2015
267	Contratación	Adxudicación obra C09/2015	16/07/2015
268	Servizos Sociais	Baixa usuaria SAF	17/07/2015
269	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	17/07/2015
270	Economía e facenda	Execución do gasto	20/07/2015
271	Economía e facenda	Execución do gasto	21/07/2015
272	Persoal	Contratación peón	21/07/2015



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

273	Economía e facenda	Execución do gasto	22/07/2015
274	Economía e facenda	Xeración de crédito 15/2015	22/07/2015
<b>RELACIÓN DE DECRETOS DO 88 Ó 285 DO ANO 2015</b>			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
275	Servizos Sociais	Alta axuda de alimentos	23/07/2015
276	Economía e facenda	Execución do gasto	24/07/2015
277	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF xuño 2015	24/07/2015
278	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL	28/07/2015
279	Acción veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de fillo	28/07/2015
280	Servizos sociais	Baixa dun usuario no SAF	29/07/2015
281	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda no fogar	29/07/2015
282	Servizos sociais	Baixa usuario axuda de alimentos	29/07/2015
283	Economía e facenda	Execución do gasto (Nóminas mes xullo 2015)	30/07/2015
284	Economía e facenda	Execución do gasto	30/07/2015
285	Economía e facenda	Execución do gasto	31/07/2015

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## **8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE MARZO, 09 E 23 DE ABRIL, 07 E 21 DE MAIO, 05, 10, 25 E 26 DE XUÑO, 02 E 16 DE XULLO DO 2015.**

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## **9. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,